

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos seus deputados **Bieito Lobeira Domínguez e Teresa Táboas Veleiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu tratamento en **Comisión**, relativa á adopción de medidas de mellora na Variante de Marín.

O proceso de construción da Variante de Marín, no tramo actualmente operativo, non estivo exento de dificultades e mesmo de afeccións, do punto de vista social, medioambiental e de vertebración do territorio. Algún destes prexuízos aínda non están resoltos a día de hoxe.

Contodo, e aínda despois do tempo transcorrido, seguen pendentes de solucións algúns dos problemas vinculados precisamente ás veciñas e veciños directamente afectados polo proceso construtivo. En concreto, no que ten a ver coa contaminación acústica provocada nas vivendas cercanas polo paso de vehículos, nomeadamene no tramo comprendido entre o enlace do Campo, pasando pola Torre (parroquia de Santo Tomé de Piñeiro), até o fin da vía, na rotonda de Ardán.

Cumpre adoptar medidas que minimicen a afección descrita sobre as vivendas habitadas, algunhas delas a moi escasa distancia da Variante. Tense optado, en casos similares, por solucións que ademais son economicamente asumíbeis, como a que representan a colocación de pantallas ou barreiras acústicas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2012 12:14
Nº Rexistro: 75537
Data envío: 04/01/2012 12:14:23.309

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión de Ordenación Territorial, Medio Ambiente e Servizos.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a instalar pantallas ou barreiras acústicas no tramo da Variante de Marín localizada entre o enlace do Campo e a rotonda de Ardán, nos lugares precisos para minorar o impacto acústico que representa o paso de vehículos por este vial de titularidade autonómica.

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado e Portavoz S. do G.P. do BNG.
Teresa Táboas Veleiro
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 04/01/2012 12:10:42

Teresa Táboas Veleiro na data 04/01/2012 12:10:48